



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PADRÓN

Aprobado inicialmente, mediante decreto do Alcalde número 966/2024 de data 1 de outubro de 2024, o PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PADRÓN, en cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sométese ao trámite de información pública, polo prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación.

Pódese consultar o texto íntegro do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios forestais do Concello de Padrón no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Padrón <https://planprevencionincendiosforestais.padron.gal/> así como nas oficinas municipais da planta baixa do Concello de Padrón situado en rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña, en horario de nove (9,00) a catorce (14,00) horas de luns a venres.

Durante o prazo de vinte días hábiles, a partir do día seguinte ao de publicarse este anuncio no BOP, calquera persoa poderá examinar o documento, así coma formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, sen que se produciren alegacións contra o documento inicial, considerarase aprobado con carácter provisional e continuarase co procedemento establecido os efectos da aprobación definitiva do expediente.

Padrón, 9 de outubro de 2024.

O alcalde

Anxo Rei Arca